



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 84

FEBREIRO - MARZO 2007

Editado 23/02/07

## CONVOCATORIA

### **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA**

A actual Comisión Xestora, ao abeiro dos nosos Estatutos e do disposto nos seus artigos 20 e 21 convoca **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**, que se celebrará o día **16 de marzo**, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria, e ás 20:30 horas, na segunda, no local Social da nosa Entidade sito en Avda. Camelias núm. 78 oficina K, de Vigo, coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. Saúdo e presentación da Comisión Xestora.
2. Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 10.3.06, e da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 27.10.06.
3. Presentación e debate de memorias de actividades do ano 2006.
4. Presentación e aprobación, se procede, das contas do ano 2006, Balance, Liquidación de Orzamento.
5. Presentación e aprobación do Orzamento para o ano 2007.
6. Presentación das liñas xerais de actuación da Comisión Xestora.
7. Rogos e preguntas

Rematada a Asemblea Ordinaria, dará comezo, tras un breve descanso de 10 minutos, a **ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**, coa seguinte orde do día

1. **Eleccións a Presidente do Club.**
2. Aprobación do Calendario Electoral.
3. Constitución da Xunta Electoral.

Esta convocatoria foi aprobada pola Comisión Xestora, na súa reunión do día 19 de febreiro de 2007.

#### **Notas:**

- As actas da Asemblea do 10.3.06 e do 27.10.06 non se lerán na Asemblea.
- Estará a disposición dos socios na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a seguinte documentación: Actas das dúas Asembleas antes indicadas, Censo dos socios con dereito a voto nesta Asemblea, Balance do ano 2006.
- O Calendario Electoral proposto estará exposto no taboleiro de anuncios do local social.

Neste número:

<i>Convocatoria Asembleas</i>	<i>1</i>
<i>Axenda</i>	<i>2</i>
<i>Novas</i>	<i>2</i>
<i>Lembranza</i>	<i>2</i>
<i>Actividades Sociais</i>	<i>3</i>
<i>Cultura</i>	<i>3</i>
<i>Biblioteca</i>	<i>4</i>
<i>Infantil</i>	<i>5</i>
<i>Montañismo</i>	<i>6</i>
<i>Bici de Montaña</i>	<i>7</i>
<i>Sendeirismo</i>	<i>8</i>
<i>Actividades Subacuáticas</i>	<i>9</i>
<i>EspeleoSección</i>	<i>10</i>
<i>Vindeiras Actividades</i>	<i>12</i>

### CHARLAS NO CLUB - OS VENRES

Co fin de dinamizar un pouco os venres no club, e proporcionarnos a escusa perfecta para que vos acheguedes ao local social, temos a idea de programar unha serie de charlas ao longo do ano, polo menos unha vez ao mes, sobre temas que poidan ser de interese para os socios, dende temas relacionados coa saúde e o deporte, ata as experiencias na montaña de xentes de hoxe e de onte.

Para ir abrindo boca, comezaremos no mes de marzo co interesante tema: “Lesións deportivas. Prevención”, que impartirá Camilo Iglesias, fisioterapeuta de profesión e que se impartirá o próximo día 23 no local social ás 20.30 horas.

Con todos os nosos colaboradores poderemos aprender moitas cousas.

Se tes ideas que aportar, e coñeces quen queira colaborar, diríxete ao Club.

Grazas pola túa colaboración e participación.

- Venres, 9 marzo Proxección de fotos: “**Trekking Annapurnas- Nepal**”. Por Carlos Arca. No Club ás 20.30 h
- Venres, 16 marzo **Asembleas: Xeral Ordinaria e Xeral Extraordinaria**. No Club ás 20.00 horas en primeira convocatoria e 20.30 en segunda.
- Venres, 23 marzo Charla: “**Lesións deportivas. Prevención**”. Por Camilo Iglesias, fisioterapeuta. No Club ás 20.30 horas
- Venres, 30 marzo Proxección de fotos. “**Actividades de Montaña 2006**”. Por Antonio Alemparte. No Club ás 20.30 horas
- Venres, 20 abril Proxección de fotos: “**O cumio de Europa: Elbrus**”. Por Carlos Fernández (Pi) e Alberto Fontenla. No Club ás 20.30 horas

## NOVAS

### AEREOXERADORES EN TREVINCA

O Macizo de Pena Trevinca está incluído nun segundo proxecto para ser “colonizado” con aereoxeradores, eses “muíños de vento” que cada vez se ven máis por todas as nosas serras.

A Federación Galega de Montañismo está a preparar un manifesto na defensa da montaña, coa intención de que os Clubs de montañismo e outras asociacións apoiem esta iniciativa.

Dende o noso club darémosvos puntual información sobre este tema. Se tes algunha idea que aportar poderedes facernos chegar as túas suxestións.

## LEMBRANZA

### MIGUEL SANTALLA MÉNDEZ

A pesar do seu enganoso aspecto de persoa tranquila e ata calmosa, era un grande traballador que sempre levaba a bo fin canto se propuña, que era moito.

Exerceu como directivo do noso club durante moitos anos, dedicando os seus maiores esforzos ao montañismo infantil, como un dos principais executores da Operación Benxamín. Tamén foi secretario da Federación Galega de Montañismo moito

tempo, simultaneando ambos cargos, e aportando o seu labor para montañeiros de menor idade, igualmente dende o seo da Federación.

Era famoso pola súa tranquilidade; nunca se enfadaba, collendo os problemas cun xeito que o levaba a encontrar solucións sen levantar a súa voz. Cheo de bo humor, tomaba a risa as bromas dos seus compañeiros referentes á súa facilidade para durmir nas peores condicións, sendo clásicos os seus

ronquidos ao pouco de dispoñerse a descansar, aínda que se deitara enriba dunha pedra.

Que descanse en paz o noso amigo Santalla, home de ben e un dos grandes traballadores do montañismo galego.

**Antonio Álvarez**

*Miguel Santalla*

*Santalla con Miguel Regueira e Antonio Álvarez participando na Operación Benxamín do ano 1.979*





↑ *Jacobo Ulloa recibe, de mans de Antonio Álvarez, a medalla de 50 Anos de Asociado*

↓ *Carolina Rodríguez recibe, de mans de Eutimio, o seu pai -que asiste en representación da FEGAS-, e en presenza de Fernando, a medalla de 25 Anos de Asociada*



### CEA ANUAL CLUB - 65 ANIVERSARIO

**10 de febreiro**

Un ano máis, e xa son 65, chega ese día onde todos esperamos ver a aqueles socios incondicionais e habituais do Club, pero que por unhas razóns ou outras non acoden moito ao local social. Pois esa é a cita: a cea anual.

Este ano cunha novidade respecto aos últimos, cambiamos de restaurante, fixémosla no Hotel Bahía xa que o restaurante habitual dos últimos anos tiña ocupados os salóns para esa data.

Un total de 72 comensais fomos aparecendo no salón asignado da marisquería do citado Hotel. As autoridades presentes foron Marisol Polo, Concelleira de Distrito, en representación da Alcaldía e da Concellería de Deportes, Xosé Lois Freixeiro en representación da Federación Galega de Montaña, Eutimio Rodríguez en representación da Federación Galega de Actividades Subacuáticas e Ramón Varela en representación de Club Peña Trevinca. As demais autoridades invitadas: Director Xeral de Deportes da Xunta de Galicia, Delegada de Deportes da Xunta de Galicia en Pontevedra, Vicepresidente da Diputación e o presidente da Federación Galega de Espeleoloxía, xustificaron a súa ausencia por ter outros actos previstos. Sentaron na mesa presidencial as autoridades asistentes, as persoas acompañantes do presidente da FGM e de Club Peña Trevinca e por parte da Comisión Xestora, Fernando Fernández, presidindo, e Carolina Rodríguez.

Fomos degustando as viandas e ao finalizar, cos cafés fumegantes na mesa, Fernando fixo unha pequena intervención dando as grazas a todos os asistentes e pasando seguidamente ao acto sempre máis emotivo da cea, a entrega de medallas aos socios homenaxeados.

Comenzouse polos deportistas que acadaron o diploma de Excelsior este ano, coa axuda de Conchi Barciela. Acto seguido entregáronse aos socios que cumprían este ano vintecinco anos no club, e a continuación aos que cumprían cincuenta anos, coa axuda de Antonio Álvarez. Falaron os homenaxeados que querían e tiñan algo que dicir e pasamos directamente a mover o esqueleto ao son da parella musical que xa nos ten musicado nos últimos anos.

Felicidades a todos os homenaxeados.

**Lourdes Castiñeira**

## CULTURA

### EXPOSICIONS FOTOGRAFICAS ITINERANTES

As Fotos seleccionadas e premiadas do V Concurso de Fotografía de Montaña do Club, expuxéronse na Casa del Libro en Vigo dende o 16 ao 30 de Decembro. Alí fíxose a homenaxe a "Cholo" e entregáronse os trofeos aos premiados no concurso.

A exposición trasladouse posteriormente á Casa da Torre en Redondela onde estivo dende o día 12 de Xaneiro ata o 4 de Febreiro, e grazas ao patrocinio da Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria, da que depende o Xacobeo, editouse un catálogo e fíxose unha gran pancarta que anunciaba a exposición, que ocupaba todo o vello edificio rehabilitado da casa da Torre, actual albergue do Camiño de Santiago que ven de Portugal e que pasa pola fermosa Vila de Redondela.

O día 19 de Xaneiro xuntáronse na sala socios do Club e veciños da Vila para presentar a devandita exposición, na que o presidente da xunta Xestora, falou sobre as actividades do Club, e tamén dos numerosos socios do Club Montañeiros Celtas que son veciños desta Vila.

A exposición está actualmente na súa etapa itinerante no Parque Natural do Monte Aloia, durante os meses de



*Casa da Torre, Redondela*

Febreiro e Marzo, atópase na Sala de exposición do Centro de Interpretación do Parque. Alí Geles Giraldes e Manuel Domínguez, sempre colaborando co noso Club, atenderán amablemente as vosas visitas.

Posteriormente a exposición ten previsto estar dende o 29 de Marzo ata o 29 de Abril no Castelo de Santa Cruz en Oleiros, A Coruña, e, dende o 2 de Maio ata o 15 de Maio, estará na Casa da Xuventude de Ourense.

Posiblemente, se poidan pór as fotos no Centro Tomiñés, xa que estamos facendo xestións para que así poida ser.

**Fernando**

## A BIBLIOTECA DO CLUB

Unha vez máis a biblioteca do club engade aos seus fondos, novos libros, revistas, cds, dvds e mapas topográficos. Mercáronse un montón de libros e outros foron doados ao club por diversos socios e outra xente.

Cada ano procúrase adquirir libros de todas as temáticas que no club se desenvolven. Deste xeito mercáronse libros de esquí, espeleoloxía, fotografía, alpinismo, escalada, bicicleta, mergullo e montaña en xeral, tanto de rutas como de ascensións, literatura, etc..

Ademais mercáronse mapas topográficos cos que se vai completando a cartografía de Galicia e das zonas máis "usualmente montaíneas" (Asturias, León, Cantabria, País Vasco, Pirineos,...).

Para facilitarvos o coñecemento dos fondos bibliográficos que están no club, e a ver se desta vai, poñeremos na páxina web a base de datos con todos os libros que hai, así como os mapas, se ben lembrámosvos que estes últimos non se prestan.

Esperamos que fagades uso desta importante biblioteca coa que contamos, pois ese é o seu fin e que goceades e aprendades con todo o que hai dentro dos seus fondos, que é moito.

E unha notiña final para pedirvos unha colaboración na súa xestión, pois a actual persoa que a leva vaise dedicar a



outras tarefas e con todo non se pode nin se quere. Animarvos a botar unha man ao club para esta biblioteca. Dígovos que non é moito traballo (préstamos/devolucións, pedidos, actualización base de datos,...) e que se leva ben, así que se tedes un pouquiño de tempo para dedicarlle á biblioteca, o Club agradecerávoslo.

Gozade da Biblioteca!!!

**Carolina.**

Vogal Biblioteca e Cartografía.

### Libros, mapas e dvd's mercados 2006.

Vigo e comarca en Bicicleta de Montaña. Xosé Ramón Varela.  
 Pedaleando por Asturias. Itinerarios en bicicleta. Silvia Menéndez Duarte.  
 Picos de Europa y el Valle de Liébana. Itinerarios para bicicletas de montaña. Víctor Guerra.  
 Chapa y Sigue. Todo sobre la escalada deportiva. 3ª edición. John Long y Duane Raleigh.  
 Guía de Escalada en Riglos, Agüero y Foz de Escalate. 219 vías de escalada. Felipe Guinda Polo.  
 Campaña 2005 Castil Tortorios Moñas. GEL La Lastrilla.  
 El Karst de Yesos de Sorbas. Jose Mª Calaforra. Junta de Andalucía.  
 Manual de Espeleosocorro. Gobierno Vasco.  
 Grandes Cuevas y Simas del Mediterráneo. Guía fotográfica. Víctor Ferrer Rico.  
 Mallorca. Bellezas en la oscuridad. Guía práctica y visual de la espeleología en Mallorca. Daniel Mayoral y Tomeu Mateu.  
 Guía práctica de Fotografía de escalada. Jeff Achey.  
 Manejo básico de Piolet y Crampones. Toño Guerra.  
 Portugal. 30 itinerarios a pie. Manuel y Jorge Nunes.  
 El centinela de piedra. Historia de una ascensión a la Aconcagua. Álvaro Osés Arbizu.  
 Pirineo Aragonés. 105 itinerarios de esquí de montaña. A. Tornico Alique.  
 Esquí de Montaña en el Pirineo Catalán. 35 itinerarios del Canigó al Molières. Oriol Guasch Terre.  
 Peixes do Mar de Galicia (I) e (II). X. L. Rodríguez Villanueva e Xavier Vázquez.  
 Castilla y León de punta a punta. 50 rutas para el fin de semana. Javier Prieto y Pablo A. Genovés.  
 Mapas 1:25.000: 1031-I, 1031-II, 1031-III y 1031-IV de Almería.  
 Mapa de la Sierra de Aralar (País Vasco)  
 Mapa de Aizcorri (País Vasco)  
 Mapa del Parque Natural de Urbasa (País Vasco)  
 DVD: K2 y Makalu. Dos ochomiles duros como el acero. Al Filo de lo Imposible.  
 DVD: Dhaulagiri. La montaña blanca. Al Filo de lo Imposible.  
 DVD: La ola perfecta. Retando al Naranjo de Bulnes. Al Filo de lo Imposible.

### Doazóns 2006:

Los galeones de Vigo. Yago Abilleira Crespo.  
 Doado por Ramón Patiño.  
 Catalogación de yacimientos arqueológicos submarinos en las costas gallegas. Ramón Patiño Gómez. Doado polo mesmo autor.  
 Cincuenta años por las montañas de Tenerife. Memorias de un montañero. Edmundo Herrero Bello. Grupo Montañero de Tenerife. Doado polo mesmo autor.  
 Acampada. Materiales y Técnica. José A. Laperal. Doado por Fernanda Marcos Fernández.  
 Alimentación en Montaña. Pablo Bueno. Doado por Fernanda Marcos Fernández.  
 Revista Koloska nº 4. Grupo Espeleológico Alavés. Doado polo mesmo.  
 Revista Espeleoleg. Centre Excursionista de Catalunya (CEC). Doado polo mesmo.  
 Revista Cuadernos del Valle del Asón nº 9. Agrupación Espeleológica Ramaliega. Doado pola mesma.  
 Revista Cija de Teruel nº 1. Centro de Estudios Espeleológicos Turolenses.  
 Revista Vulcania nº 7. Grupo de Espeleología Tebexcorade de La Palma de Gran Canaria.  
 Anuario 2004 FEE. Doado pola FEE.  
 Prevención y Primeros auxilios en espeleología y descenso de cañones. María Alonso-Barajas Gómez. Doado pola FEE.  
 Setas. Identificación y Recolección. Till R. Lohmeyer, Ute Künkele. Doado pola Agrupación Micolóxica A Zarrota.  
 Top 20. Las 20 especies exóticas invasoras más dañinas presentes en España. Varios autores. Doado por José J. Fdez de Dios.

## Memoria da Actividade: ACHEGAMENTO Á NEVE Datos: 3 e 4 de febreiro de 2007



A loxamento: Refuxio do Club Montañeiros Celtas “A Folepa” co apoio da casa de turismo rural “O Trisquel”, en Vilanova (A Veiga, Ourense) no Macizo de Trevinca.

Participantes:  
20 nenos/as e 4 monitores

Actividades realizadas:

### SÁBADO 3:

Saída de Vigo ás 9:00 h. e chegada a Vilanova sobre as 12:30 h. Instalámonos no refuxio, unha acolledora casaña de madeira, e rapidamente desperdigámonos polos prados cubertos da neve para xogar con ela, seguindo as instrucións de respecto aos animais e plantas recordadas por Cholo. Ás 14:00 h. xantamos no interior do refuxio. Tempo de lecer que aproveitamos para volver xogar coa neve. Ás 16:00 h. iniciamos o sendeiro circular polo bosque, de Vilanova a Ponte. Chegamos xa coa noiteña, a última etapa á luz dos frontais e as primeiras estrelas. Cambiámonos e repousamos (é un dicir) un pouco no refuxio ata a cea. Ás 21:00 h ceamos na casa rural por conta da organización: sopa-caldo, tortilla e flan ou crema.

Trala cea, velada no refuxio: os monitores contaron lendas da zona (a serpe do lago...) que se volveron interactivas con final misterioso. Deitámonos sobre as 23:15 h.

### DOMINGO 4:

Erguémonos sobre as 8:00 h. para almorzar ás 8:30 h por conta da organización: cola-caao, cereais, zume e tostadas con manteiga e marmelada caseira. Recollemos e preparamos as mochilas, e sobre as 9.30 h despedímonos de Cholo e Marcos que ben nos coidaron estes días e montamos no bus que nos acercou ata a Ponte. Alí iniciamos a ascensión co obxectivo do Pico O Fial. Mais o

tempo non axudou e a ameaza de tormenta fixo que a maioría baixáramos á Ponte e uns poucos aguerridos seguiron o ascenso e achegáronse á cabana do Fial. Chegando á aldea paramos nun prado para xantar sobre as 14:00 h. e aproveitamos para coñecer Ponte (típica aldea da zona): o lavadoiro, os fornos adosados ás casas, os cabalos e símbolos celtas esculpídos nalgúns linteis... Arredor das 16:00 h. xa todos reunidos e con roupa seca saímos de Ponte rumbo a Vigo, coa parada de rigor nunha estación de servizo, chegamos sobre as 19:50 h.

**Carmen (monitora)**



## INFANTIL - VINDEIRA ACTIVIDADE

### Serra do Xurés (Ourense) 3-4 de marzo

A vindeira actividade da Sección Infantil será no Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés, moi atractivo pola súa variedade de paisaxes, de flora (eurosiberiana, mediterránea), de fauna, ademais da súa riqueza etnográfica.

#### ALOXAMENTO:

**Refuxio** de Albite, da Federación Galega de Montañismo, ubicado na Serra do Xurés. Este refuxio, de recente construción, conta con calefacción.

#### PARTICIPANTES:

Esta actividade está organizada para nenos e nenas de 8 ata os 12 anos, porén, tamén poden participar os menores de 14 anos.

#### IMPRESINDIBLE

! Autorización do pai/nai

! Licencia Federativa de montañismo (FGM)

### PROGRAMA PREVISTO

#### Sábado, 3.

Saída de Vigo (**dende o Club**) ás **9.00 horas**. A primeira actividade será a visita ao Centro de Interpretación do “Parque Natural baixa Limia - Serra do Xurés” en Lobios. Dende aquí iremos ao refuxio (Albite), onde logo de instalámonos, comeremos, e despois dun descanso, realizaremos unha ruta de sendeirismo (Albite-Cela). Ás oito e media da tarde será a cea (despois a organización dará leite quente a quen o pida). Ao remate da cea faremos xogos e descanso.

#### Domingo, 4.

Ás oito da mañá será o almorzo (por conta da organización) e a recollida do refuxio. Ás nove e media sairemos cara a Ruta de Padrendo (PR-G 28), esta ruta discorre polo val entre as estrivacións da Serra de Santa Eufemia e a do Xurés, ademais dos valores medioambientais, conserva unha grande riqueza etnográfica. Comeremos nunha parada deste percorrido.

Chegada a Vigo ás 20:00 horas.

## Volver

Como xa había algún tempo que non saía ao monte cos meus amigos de Celtas, botábaos de menos, e este mes cando chegou a casa o boletín voteille, coma sempre, unha ollada ás vindeiras actividades. Por motivos obvios só podó ir a actividades de domingo e tiven sorte, alí tiña unha: o Coco, o Uceiro e o Testeiro por terras de Montes.

Unha actividade sen balizar onde poder camiñar sen que che digan por onde.

O domingo ás 9, para a miña sorpresa, pois xa había bastante tempo que non saía, alí estaban case todo/as os que non se moven a golpe de conxuntura.

Sáímos cara a Soutelo en moi animada charla intentado arranxar o mundo. Ao deixar o bus notei que facía un pouco de frío, pero o día prometía espléndido e tiñámolo todo para nós. Non había neve, eu tiña a esperanza de que así fose xa que os medios nos estaban a alertar, carguei coas raquetas para nada!!! Conforme íamos camiñando e charlando gañamos altura e a nosa primeira parada foi no cumio do Coco. Súbeno porque alí estaba instalado un fermoso e inoxidable “buzón” onde puxemos a nosa tarxeta. A visibilidade era moi boa e puidemos contemplar a serra de San Mamede toda cheña de neve e alá ao fondo Manzaneda, segundo uns e Trevinca, segundo os outros, a cousa non quedou moi clara. Tamén puidemos ver un anaco de ría sen poder precisar cal.



Seguímos coa nosa lideira agora cara a abaixo e alguén xa ía dicindo ¡cando paramos a comer!. A verdade e que Marisa nos tiña preparado un marco incomparable para este menester, unha fermosa carballeira ao lado dun río troiteiro. Poucos sitios haberá no mundo tan fermosos coma este para comer unha empanada de xoubas!. Durante a comida non faltou case de nada e do que máis houbo foron risas.

Despois de comer a cousa era costa arriba e algúns queixáronse un pouco. Non era para tanto! A min o que máis

medo me deu foi que entramos en terra de xigantes que movían os seu brazos ameazadores e asubiaban rosmamente. Cada vez hai máis, e crecen máis rápido que os cogomelos.

Unha vez no cumio dedicámonos a facer as fotos de rigor. Eu sentei aos pés dun xigante buscando o socairo e quedei contemplando o solpor co maxín mergullado en soños de xuventude.

Non quedaba máis que descender desta montaña que xa non é a mesma dende que esta chea de ciclopes, e fixémoslo de vagar. O motorista non podía esperar e tiña que sobrar un pouco de tempo para tomar un refrixerante.

Como pasei toda a excursión falando cos meus amigo/as non me decatei moito de por onde camiñamos, só sei que o primeiro cumio foi o Coco (para algo han de servir as caixas de correos) o segundo non sei se foi o Coruxeiro ou o Caralleiro, para o caso é o mesmo.

Coma sempre o mellor de todo foron os montañeiro/as que se manteñen aí sen atender a conxunturas nin aos egos. O club fano os socios que o viven.

A ver se podó facer outra escapadiña, pois a verdade é que as boto un pouco de menos.



**Celtis Lupus**

## ANCARES LEONESES BURBIA (10-11 de marzo)

Ancares é unha das serras máis fermosas que temos en Galicia, e a zona dos Ancares Leoneses é especialmente interesante, aínda que quizais unha parte descoñecida para os galegos. Proponémosvos un plan para a segunda fin de semana de marzo que será doado para todos

### PROGRAMA PREVISTO

#### Sábado 10 de marzo

Saída pola mañá cara a Burbia, chegarase sobre o mediodía e para ir quecendo motores o grupo dirixirase ata Pico Lago, onde a visión do “Corno Maldito”, o “Mostallar”, o “Cuíñas” será predominante. O grupo de sendeiros chegará ata o lago, para regresar a Burbia, onde no albergue poderá quentarse ao carón da cheminea. O grupiño que se forme de travesía continuará cara a cabana do “Jabali”... onde pasará a noite.

#### Domingo 11 de marzo

O grupo de sendeiros dende Burbia irá cara a “Campo del Agua”, onde poderá coñecer as brañas típicas da zona, ademais dun dos mellores conxuntos de pallozas que aínda quedan (seguro que vos vai encantar).

O grupo de travesía erguerase cedo para facer o “Mostallar” (1.924 m), o “Penalonga” (1.800 m), o “Cuíñas” (1.987 m), o “Dos Hemanitos”, o “Piedra de Mirandelo” (1.796 m), e regreso a Burbia dende o “Pico Chana”, onde se xuntará co resto do grupo.

Animádevos, a zona ben o merece.

M.N.

## A SERRA DO CAUREL (17-18 de marzo)

Xa a piques de entrar a primavera é un bo momento para poder darse unha boa camiñada pola Serra do Courel.

### PROGRAMA PREVISTO

O **Sábado día 17** coñeceremos a Devesa de Rogueira, marabillosa zona que nos permitirá gozar desta área protexida e aprender a diversidade de árbores e plantas que hai no lugar, partindo do centro de interpretación.

Durmiremos no refuxio de A Seara.

O **Domingo día 18** o percorrido que vos proponemos será, partindo da Seara camiñar cara a Lagoa de Lucenza e chegar ata o Formigueiros.

A saída non ten dificultade, a única condición é que che guste camiñar en boa compañía e teñas ganas de VIVIR A NATUREZA.

M.N.

## S E M A N A S A N T A

### PICOS DE EUROPA “O Paraíso da Montaña” 5, 6, 7 e 8 de abril

Picos de Europa é fermoso, rebelde, arrebatador e con “sex appeal” montañeiro.

Por isto e de novo o Club Montañeiros Celtas é atraído pola súa irresistible forza.

Pasaremos a Semana Santa coñecendo as mil facetas deste macizo.

### PROGRAMA PREVISTO

#### 5 de Abril

**Sendeiro e Montaña** PEÑA SAGRA

Dende Esanos ascensión a Serra da Peña Sagra

#### 6 de Abril

**Montaña** LA PADIORNA

Fuente Dé - O Cable - La Padiorna (2.319 m) - Vega de Liordes - Tornos de Liordes - Fuente Dé

**Sendeiro** BEGES

Cabanes - Puerto de Pelea - Beges e descenso ao desfiladeiro de la Hermida.

#### 7 de Abril

**Montaña** PEÑA VIEJA

Fuente Dé - Cable - Peña Vieja (2.613 m) - Horcados Rojos (2.344 m) - Tesorero (2.570 m) - Fuente Dé.

**Sendeiro** TRESVISO

Central de Urdón - Tresviso e descenso pola mesma ruta.

#### 8 de Abril

Regreso a Vigo.



Conchi Barciela

## BICI DE MONTAÑA - VINDEIRA ACTIVIDADE

### BICICLETA DE MONTAÑA POLA SERRA DO CANDÁN

O vindeiro domingo 15 de abril toca saída de bicicleta de montaña polos montes de Forcarei. Esta zona que eu coñezo moi ben, posto que son oriúndo desas terras, ten unhas grandes posibilidades para a práctica da bicicleta de montaña, así que os que sodes amantes deste deporte das dúas rodas ides poder gozar dunhas boas pistas de terra polas que pór a proba a vosa pericia.

Primeiro achegarémonos en coches ata Soutelo de Montes e dende alí comezaremos a ruta apartándonos do asfalto por camiños que nos introducirán nas estribacións da Serra do Candán. Así, despois de subir e baixar un pouco volveremos ata Soutelo de Montes, onde remataremos e os que queiran poderán parar a comer.



Xulio Troitiño

## MUÍÑOS DO FOLÓN

Comezouse o ano nesta sección co que poderíamos considerar un dos “clásicos”, os Muíños do Folón. Malia unhas previsións meteorolóxicas nada prometedoras por mor da vaga de frío, que estaba a piques de nos deixar a todos paxariño, alguén debeu ir poñer uns ovos a Sta. Clara para que nos agasallase cun ceo despexadiño e sen pinga de auga en todo o día.

Tanto na primeira como na segunda parte do noso percorrido puidemos ser conscientes da simbiose “home-natureza” que, segundo o caso, pode resultar fantasticamente harmoniosa, ou ben terriblemente destrutiva. Camiñando polas corredeiras do principio puidemos ver con claridade as pegadas que por alí deixaran algúns había uns meses. Abondaba con levantar un pouco a cabeza e mirar de esguello, xa que apenas quedaban algunhas matas chamuscadas nunha terra negra como o tizón. Tamén fomos testemuñas da próxima e inminente colocación dalgúns deses espantallos de ferro que, ao parecer, son tan “amigos do ambiente” (como literalmente din os anglosaxóns) e que nos últimos anos veñen decorando as nosas paisaxes. Alí estabamos, gozando dun fermosísimo lugar dende o que podíamos ver, aló embaixo, o bater das ondas contra as rochas da costa de Oia, pero que en breve estaría repoboado desas árbores con aspas.



Nesta primeira parte fixemos, iso si, o noso cumio de ruta, o Corroubelo de 599 m., que para algúns supuxo o seu bautismo nisto de andar por “terras altas” e asinar en pequenas “caixas do correo” agochadas por algures.

Despois de observarmos as vistas e repousar un anaco, continuamos deixando atrás esta cara algo máis amarga para pasarmos á cara amable: unha fermosa capela na que paramos para encher os bandullos que xa andaban a protestar; corredeiras entre bosques con árbores verdes; o típico

sempre nos obriga a facer algún equilibrio de máis sobre as pedras; e, para rematar, a liña descendente dos Muíños do Folón que por fin nos deixa ese bo sabor de boca ao comprobar que home e natureza si poden chegar a formar un bo equipo. E como non, no punto final do noso traxecto, ese B.A.R. agardando para nos premiar cun zumiño de cebada (“CON” ou “SIN”), que tan ben senta ao rematar a xornada.

**Marta Tarrío**

## SENDEIRISMO - VINDEIRAS ACTIVIDADES

### CAMIÑO DE SANTIAGO

En marzo retomaremos, na que será a nosa 4ª etapa, a Vía da Prata. Animádevos a rematala os que a tedes comezada e a collela en marcha os demais.

Partiremos de Laza e faremos unha etapa por mes ata completar as sete que quedan. Sairannos ao paso fermosas aldeas, ríos e pontes, fervenzas, pazos, igrexas e mosteiros. E compartiremos cos compañeiros de camiño descubrimentos, impresións e gratos momentos de lecer, mentres nos achegamos á nosa meta.

**Cristina Alonso**





## INMERSIÓN SUBMARINA, 23 decembro 2006

O sol matutino enganounos ao saírmos da casa: ía un frío que pelaba. Aínda así, dous intrépidos Celtas, Oscar e Alberto, atrevémonos coas xélicas augas da Ría de Vigo.

Reunímonos no peirao de Bouzas xunto con Puri e Silvia, que tiñan prácticas de mar do curso de mergullo aínda que desgrazadamente non puideron mergullar xa que os instructores encargados da súa formación lamentablemente non puideron asistir, así que se limitaron a dar unha volta en barco.

Chegando ao Faro da Borneira, onde nos mergullaríamos, comezamos a enfundarnos o traxe de neopreno e a preparar os aparellos para o mergullo.

Unha vez todos listos, botámonos á auga e, nada máis facelo, o meu primeiro pensamento foi: "non vou aguantar nin cinco minutos", aínda que ao final aguantaría case unha hora. Os compañeiros comentaron ao saír que, no que ía de ano, probablemente era o día no que a auga rexistraba a menor temperatura.

A nosa valentía foi recompensada. A visibilidade era proporcional ao frío, polo que puideron mergullarnos comodamente, sen ter que estar pegados ás aletas do



compañeiro para non perdelo. O único inconveniente foi a cantidade de materiais de desfeito que había espaxados polo fondo. Acadamos unha profundidade máxima de 15 metros e, aínda que non moitos, puideron distinguir algúnha centola, ourizos e as míticas sepias que acompañan case á totalidade das inmersiones.

**Alberto Fontenla Pita-Baamonde**

### Mergullo en Cíes, 4 de febreiro

A pesares de ser unha das actividades oficiais do Club, había moita xente ocupada noutras actividades e aparecemos só 5 no peirao do Náutico. Así que, logo de prepararnos, arrancamós ás 11 horas deste domingo 4 de febreiro Silvia, Amable, Óscar, Alberto e Emilio no barco de Ángel, xunto a outros mergulladores.

Despois dunha breve parada no peirao de Carracido, onde o garda do Parque Nacional das Illas Atlánticas subiu a bordo para controlar (titulación, licenza, DNI) a cada participante, dirixímonos á illa de San Martiño.

Logo de fondear fronte á Pareda de San Martiño (nome que se lle dá ao espazo entre a praia e o peirao de acceso ao

camiño do faro de Bicos), fixéronse os grupos. Preparados, listos,... mergullo. A profundidade era pequena (ata 10 m.), estabamos en baixamar, mais isto daba igual. Lugar precioso. Primeiro, ademais das rochas, víanse uns ripples enormes. Boa visibilidade, cun día luminoso. Logo diversas gorgonias, preciosas-preciosas. A pouco, peixes variados coma pintos, robalizas,... e un que ninguén identificou (as cores vivas eran de celo?). O bo estaba por vir. Primeiro unha centola femia grande e cunha tamén grande forza. Chocos solitarios e en parella. Algo que se move baixo unha rocha. Alumeado coa lanterna aparece un lumbricante. A ver se sae, mais asomou as pinzas e ... fotos e máis nada.

buscando, apareceu un polbo. Os seus ollos mostraban case tanta curiosidade coma os meus. Fotos e máis fotos.

Chegados a un punto, comezou o retorno cara ao barco. Máis chocos, o polbo, moitos peixes, outra vez gran cantidade das bonitas gorgonias, notamos as correntes (ás veces avanzabas sen querer e outras, usando as aletas, non te movías) e... ascenso. Pouco a pouco subimos ao barco, logo dunha hora baixo o mar.

Volta a Vigo, onde ás 14 horas, logo de recoller o material, cambiámonos e pasalo por auga doce, despedímonos ata outra.

**Emilio Ballesteros Casal**





## 6 de xaneiro: ASEMBLEA DO GRUPO DE EXPLORACIÓN SUBTERRÁNEAS

Tal como estaba previsto e como vén sucedendo ano tras ano, celebramos a Asemblea anual do GES e a continuación a cea na sede do Club. Coma sempre, a asistencia foi numerosa, moi numerosa. Os de sempre a as "rosquilleiras" (os que van cando se celebra algunha festa). Primeiro falamos do ano rematado e logo do previsto, e que nos apetece, para este 2007.

A modo de resume, podemos concretar:

1º. Carolina faise cargo da sección de espéleo como vogal da mesma. (desexámoslle o mellor e arrimaremos o ombro).

2º. Proxectos para este ano: a rachar. Semana Santa en Mallorca (a estas alturas xa temos previsto Barcelona (canóns, espéleo, mergullo e escalada). Solicitaremos da Federación galega de Espeleoloxía a organización do Campamento infantil-xuvenil da FGE. Xa vos contaremos.

3º. Coma sempre, iremos renovando material da sección.

4º. Campaña de exploración na Serra do Hornijo-Cantabria. Unha semana, na que esperamos contar contigo (contigo tamén Iago). Coma o ano pasado choveu (vaia se choveu), se participamos sempre nas saídas do club, os deuses serannos propicios co tempo, "Emilio dixit". Bo tempo a rachar. Está solicitado.

5º. Gelo doou ao club un casco con instalación eléctrica (que ademais funciona). Grazas

Como apareceu certo formigueo (antes chamada fame). Pasamos en canto puidemos a dar conta da cea, que coma sempre, cada un contribuíu con algo.

Cea, charla informal, cotilleos varios, dúbidas (dos espeleólogos que fan 2º de bacharelato, que este ano andan tolos) e suspiros (dos cativos, a ver cando son maiores).

E, despois de dar conta da comida, da bebida, dos comentarios, chismes e chistes varios, deuse por rematada a reunión ben tarde, indo uns para casa e outros a continuar por outros lugares.

## 20-21 xaneiro: XORNADAS DE TÉCNICA VERTICAL. Mondoñedo. Refuxio FGE

É a actividade por excelencia de primeiros de ano..., así que **v o l v e m o s** a Mondoñedo para pór o arnés e o casco e andar de riba para baixo polas cordas, practicando fraccionamentos, pasamáns, péndulos, nós, etc. Estreo de xente nova e reciclaxe dalgunha vella. O domingo aproveitamos para facer unha incursión na Cova dos Santos, onde algúns xa demostraron que isto lles gusta.

Participamos nesta saída: Antón G., André G., Estela M., Eugenia C., Ana R., Óscar Q., Alberto R., Lourdes C., Emilio B., Carolina R., Ángel G., Jose de Dios, Brais P., Daniel P., Chus e Camilo, Gloria e Roberto, Pedro B., Tere e Xulio.

>>>>>>



**Refuxio da FGE (Mondoñedo)**

**A miña experiencia en Mondoñedo**

Esta fin de semana paseino moi ben, e creo que todas as persoas que foron tamén o chegaron a pasar moi ben. O camiño ata Mondoñedo foi moi longo, pero eu mirei unha película que durou todo o camiño.

O refuxio era moi grande e estaba construído en pedra. Ao chegar empezamos a subir polas cordas que estaban nas trades para practicar. Cando subiamos Lourdes, Carolina e mais Gelo explicábanos o que tínhamos que facer. Cando sobes polas cordas é preciso un casco. Quen máis practicou foi meu irmán, Daniel. Os nenos non fomos os únicos que practicaron porque algúns adultos tamén practicaron igual que os nenos.



Os nenos que estivemos en Mondoñedo fomos: André, Antón, Alberto, Estela, Daniel e mais eu que me chamo Brais.

Ao acabar de practicar estivemos xogando a diferentes xogos e pola noite ceamos espaguetes. Despois de cear estivemos practicando outra vez e á hora de ir para á cama estivemos charlando na habitación.

Ao día seguinte, os nenos levantámonos case todos sobre as dez da mañá. Despois de almorzar estivemos practicando outro pouco e cando rematamos -puxemos o mono para ir a unha cova, chamada polo meu amigo Antón “Madriqueira de coello”, pero en realidade chámase Cova dos Santos. Antes de entrar tivemos que poñer os cascos de carburo ou eléctricos para poder ver no interior da cova.

Na cova chegamos ver diferentes estalactitas, estalagmitas e minerais. Tamén chegamos ver morcegos moi pequenos durmindo no teito. Daniel, Antón e mais eu estivemos investigando a cova. Cando saín estiven xogando co meu amigo André que non lle apeteceu entrar na cova.

Volvemos ao refuxio á hora do xantar, e comemos arroz con verduras. Ao rematar estivemos recollendo e limpando o refuxio para que os que viñeran outro

día o tiveran tan limpo como o encontramos nós. Como os nenos rematamos antes, fomos xogar ao escondite na rúa ata a hora de marchar de volta para Vigo.

Paseino tan ben, que xa teño ganas de facer outra saída, ben sexa de prácticas de vertical ou ben de espeleoxía.

**Brais Piñeiro Fuentes.**

**3 de febreiro: COMISIÓN DELEGADA**

Celebrouse a Comisión Delegada na sede da Federación Galega, convocada pola Comisión Xestora. Tratáronse os puntos da orde do día comprobando a xestión económica e deportiva do ano pasado, asignando as subvencións, se se lles pode chamar así polo pouco diñeiro que hai para repartir, as memorias de actividade presentadas polos clubs, e modificouse o contido dalgún artigo das últimas rectificacións estatutarias para adaptalas á nova implantación da licenza autonómica, por indicación da asesoría xurídica da Dirección de Deportes da Xunta de Galicia.

Fixáronse tamén as datas para o calendario electoral e a elección dos postos vacantes nos estamentos de deportistas e técnicos, que unha vez elaborado o calendario será enviado a todos os clubs.

No apartado de Rogos e preguntas, informouse a esta Comisión Delegada da reclamación presentada por un federado galego ante a Federación e ante a Consellaría de Deportes da Xunta de Galicia, solicitando a paralización cautelar das licenzas autonómicas por non estar publicados os estatutos reformados no DOG. Informados ante este trámite na asesoría Xurídica da Xunta indican que a Federación debería correr cos gastos desta publicación

(que ascenderían a uns seis mil euros) pero que para tramitar as licenzas non é preciso porque dende a Consellaría poden autorizar á Federación a realizar esas xestións.

Tamén se informa que as licenzas habilitadas na FEE sofren un retraso porque dende a Federación Española solicitaron información da póliza que se firmou coa Federación Galega á Mutua G.D. e por outros motivos de trámite que foron subsanados no momento. Solicitouse ás dúas entidades: FEE e MGD unha explicación por escrito por estes atrancos.

**A Sección**

**Espeleonovas**

**10 - 11 de marzo: Liñares. Infantil “Coñece as covas”**

**24 - 25 marzo: Campamento Galego de Espeleoxía. FGE**

**31 marzo - 8 abril: Semana Santa. Barcelona.**

*Edita: Club Montañeiros Celtas.  
 Dirección: Marisa Núñez Suárez - Coordinación: Xulio Troitiño Dapena  
 Deseño e maquetación: José López Pérez "Sechu".*

*Normalización lingüística: Enrique González Cameselle.*

*Colaboran neste número: Conchi Barciela, Antonio Álvarez, Fernando Fernández,  
 Carolina Rodríguez, Carmen Fernández, Evaristo Fandiño, Marta Tarrío, Cristina Alonso,  
 Alberto Fontenla, Brais Piñeiro Fuentes, Emilio Ballesteros e Lourdes Castiñeira.*

*Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.*

*Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.*

Subvencionado pola  
 Presidencia da Xunta  
 de Galicia.  
 Secretaría Xeral de  
 Política Lingüística.



**XUNTA DE GALICIA**  
**PRESIDENCIA**  
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora  
 Concello de Vigo  
 - Área de  
 Participación  
 Cidadá

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
MAR.	3 e 4	O Xurés	Actividade Infantil de Inverno	S. Infantil
	8-10-17-24-e 25		Curso Mergullador unha estrela	S.D. Subacuáticas
	10	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Suacuáticas
	10 e 11	Pedrafita	Infantil "Coñece as covas". Liñares	S.D. Espeleoloxía
	10 e 11	Burbia	Ancares Leoneses	S.D. Montañismo
	16	LOCAL SOCIAL	ASEMBLEA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA	COMISIÓN XESTORA
	17 e 18		Curso Alpinismo Corredores	FGM-EGAM
	17 e 18	A Seara	Devesa da Rogueira-Formigueiros	S.D. Montañismo
	25	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	24-25	Porto de San Glorio	Esquí de travesía pola cordilleira Cantábrica	S.D. Esquí
	24-25		Campamento Galego de Espeleoloxía	F.G.E.
	25	Laza	Camiño de Santiago-Vía da Prata IV Etapa	S.D. Sendeirismo
ABR.	31 Mar. - 8 Abr.	Barcelona	Multiactividade: mergullo, espeleo, escalada, canóns	SS.DD. do Club
	5, 6, 7, 8	Potes-Picos Europa	Picos de Europa	S.D. Montañismo
	14 e 15	O Courel	Actividade Infantil de Primavera	S. Infantil
	15		Camiño de Santiago- Vía da Prata- V Etapa	S.D. Sendeirismo
	15	Forcarei	Percorrido pola Serra do Candán	S.D. Bici de Montaña
	21	Ría de Arousa	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	21 e 22		XLII Campamento e Marcha Galega de Montaña	FGM-C.M.Ribeira Sacra
	21 e 22	Pena Corneira	Boulder	S.D. Escalada
	22		Campionato social de pesca submarina	S.D. Subacuáticas
	22		Xornadas de mergullo con tubo	S.D. Subacuáticas
	29	Galiñeiro	Iniciación á escalada	S. Infantil-S.D. Escalada
	29	Suído	Marcha de Primavera	S.D. Montañismo
		28 Abr.- 1 Mai.		Xornadas de travesía en cavidades

### CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

w Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo

w Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo

w Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

w Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)

w Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)

w Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres